

MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL

Bos días a todos e todas!

Como sabedes o confinamento vai ter que prolongarse máis tempo. Ata que teñamos novas instrucións de como proceder no terceiro trimestre seguiremos facendo actividades de repaso.

Para levar mellor esta situación tan particular tratade de establecer rutinas de tarefas, canto máis tempo esteamos ocupados menos tempo estaremos preocupados e con pensamentos negativos, mais tamén é importante que saquedes tempo para vós mesmos ó longo do día.

*En relación co alumnado que suspendeu a 2ª avaliación recordaros que a maioría tedes pendente a entrega dalgún dos traballos obrigatorios (Traballo do libro de lectura e Ficha de traballo 2). Ide facendoos estes días para enviarmos cando a plataforma do colexio estea en funcionamento.

Moito ánimo, xa queda menos!

- Enlaces aos dicionarios en rede:
DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA <https://academia.gal/diccionario>
DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA <https://digalego.xunta.gal/>
- Seguide repasando a conxugación verbal a través dos xogos da web **O XIMNASIO DOS VERBOS** <https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/>, seguindo a ruta: menú, xogos, alternancia vocálica ou verbos irregulares.

REPASO TEÓRICO LINGUA GALEGA**AS PERÍFRASES VERBAIS**

As perífrasis verbais son complexos verbais (sintagmas verbais) formados por dúas ou tres palabras:

- verbo auxiliar** en forma conxugada;
- verbo auxiliado** en forma non conxugada: infinitivo, xerundio ou participio;
- pode aparecer un **nexo** entre ambos:
 - as **preposicións** *de, a, para, por*
 - ou a **conxunción** *que*:
non o deches amañado, deberemos de amañalo, tes que amañalo

Este complexo verbal presenta unidade formal e significación conxunta:

- o verbo auxiliar aporta o significado gramatical: número e persoa, modo e tempo;
- o auxiliado dá o significado léxico.

A diferenza con outras combinacións semellantes de dous verbos (sei comer, quedou pensando), nas que o verbo auxiliar ou conxugado conserva o seu significado, nas perífrases non achega significado léxico: dou amañado (nada dou), tes que amañalo (nada tes).

Segundo o significado, diferenciamos as seguintes clases:

TEMPORAIS

Futuridade

IR + inf. (O goberno vai aprobar unha nova lei educativa consensuada.)

Inminencia

ESTAR A/PARA + inf. (Está a saír publicada a sentenza.)

HOUBEN DE + inf. (Houbo de chegar á meta de primeiro, mágoa que lle faltaron uns metros máis.)

QUERER + inf. (Quere chover.)

MODAIS

Obrigatoriedade

DEBER (DE) + inf. (Debes de estudar para os exames.)

HABER (DE) + inf. (Hei de pagar o IBI este mes.)

HAI QUE + inf. (Hai que estudar as perífrases antes do exame.)

TER DE + inf. (A empresa ten de ser autosuficiente e non requirir máis investimentos.)

TER QUE + inf. (O monarca ten que entrevistarse cos representantes parlamentarios.)

Hipótese

DEBER (DE) + inf. (Debe de proceder de países africanos.)

HABER (DE) + inf. (Ha estar cansa despois de tantas horas de estudo.)

PODER + inf. (Pode que a selectividade xa non exista o vindeiro curso.)

ASPECTUAIS

Imperfectivas

ANDAR + xer. / ANDAR A + inf. (O cóengo andaba lendo o teu libro.)

ESTAR + xer. / ESTAR A + inf. (Aí o vén, estouno vendo.)

IR + xer. (Foi lle aumentando a necidade.)

LEVAR + xer. / LEVAR A + inf. (Leva a facer das súas toda a vida.)

SEGUIR + xer. / SEGUIR A + inf. (Todos os tres seguen a bimar.)

SER A + inf. (Todos tres son a comentarme a súa deslealdade.)

VIR + xer. (Cumpriu todo aquilo co que viña ameazando.)

Incoativas

COMEZAR / EMPEZAR A + inf. (Comezaron a apupalo axiña.)

BOTAR(SE) A + inf. (Botouse a amontoar os garavanzos.)

POÑER(SE) A + inf. (Puxéronse a preparar a comuñón.)

DAR EN + inf.: Deron en limpar a bixutería cunha baeta.

BRINCAR, SALTAR, ROMPER, PEGAR A + inf.: Rompemos a aturuxar ó remataren a peza.

Perfectivas

ACABAR ou REMATAR DE + inf. (Rematou de testemuñar daquela.)

VIR DE + inf. (Viñan de pescudar todo o ocorrido.)

DEIXAR(SE) DE + inf. (Deixou de metrallar cando cesou o movemento.)

DAR + part. (Non dou alugado a habitación.)

LEVAR + part. (Xa levo apisoado tres cascudas.)

TER + part. (Sinto non a ter cativado.)

Reiterativas

TER + part. (Tenme avantaxado decote.)

VOLVER A + inf. (Se mo volves contar igual, créote.)

Terminativas

CHEGAR A + inf. (Non chegaron a convocar a asemblea.)

VIR A + inf. (Por fin veu a saberse a verdade.)

ACABAR POR + inf. (Acabou por mastigar o po do deserto.)

ACTIVIDADES

1. Sinalar as perífrases verbais e indicar o seu valor.

- Este mes andan a recoller os pexegos. Segundo a televisión, está para mudar o tempo e hai que darse présa.
- Debe vivir aquí un gaiteiro. Sempre está ensaiando e deberías chamarlle a atención para que non volva a tocar a esas horas da noite.
- A miña curmá anda para ter un neno. Non ficaba embarazada desde que se puxo a traballar na tenda, e agora volverá pedir a baixa.
- Cando rompa a ferver a auga, bótalle as nabizas, que xa han estar medio cocidas noutra pota; báixaslle o lume e, cando remate de ferver, tornas a botarlle máis auga.
- Boteime a correr detrás del, xa o estaba collendo cando escorreguei e houben caer.
- Ti vai andando diante, que eu xa che levo camiñado moito e estou desfeito.

REPASO: O VERBO

(Para facer estes exercicios botade man dos dicionarios en liña, buscade o verbo en infinitivo e pinchade en CONXUGAR para que apareza todo o paradigma verbal.)

2. Cubre os ocos cos tempos dos verbos que se reflicten entre parénteses.

- Antes nós _____ (imperf. ind. moer) o gran no muíño e _____ (imperf. ind. traer) os sacos de fariña.
- Teu irmán _____ (pres. ind. roer) o churrasco ata o óso, pero eu non o _____ (pres. ind. roer), que prefiro comelo con garfo e coitelo.
- Ti non te _____ (pres. subx. abstraer) e vós non _____ (pres. subx. desoír) os consellos dos guías.
- Collo café xa moído ou _____ (pres. ind. moer) os grans de café no muíño eléctrico?

3. Detecta os erros en relación aos verbos que aparecen nos seguintes enunciados e corríxeos.

- Dóome de non lle tirar proveito a que de cativos sobresaíamos en tenis e natación. _____
- Se desoio o dentista e roo todos os días gomas de mascar, é probable que contraiga carie. _____
- Aínda que vos proian ou vos doan as mans, non decañades e seguíde remando. _____
- Non me oíades? Dicia que oigades o que oigades, non vos distraíades. _____

4. Escribe as formas conxugadas que se piden dos seguintes verbos.

2.^a pers. pl. do pret. imperf. de *esvaer* _____

1.^a pers. sg. do pres. de ind. de *corroer* _____

2.^a pers. pl. do pret. imperf. de *remoer* _____

1.^a pers. sg. do pres. de ind. de *desoír* _____

5. Completa co presente de indicativo ou co imperativo dos verbos entre parénteses.

- (Subir) _____ esa cadeira ao faiado cando poidas.

- Se (tusir) _____, fai o favor de poñeres a man diante da boca.
- É un bo coche, pero (consumir) _____ moito.
- Se non (durmir) _____ nada polas noites, mellor que vaias ao médico.
- Se eses lerchos te (ferir) _____ con esas parvadas, é que ti tes menos sentido ca eles.
- (Durmir) _____, meu meniño, que xa é tarde.
- A empresa (desmentir) _____ que vaia haber despedimentos.

EXPRESIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA

6. **Le o seguinte texto, busca no dicionario as palabras que descoñezas.**

QUERES MÁIS CALDO, SUSO?

Tiña eu catorce anos e medio cando fixen o ingreso do Bacharelato. Xa non era, pois, un neno. Estudante serodio, coma tantos fillos de campesiños daquel tempo, entrei no ensino medio en plena adolescencia, xa mozote. Cheguei a Ourense, da man da miña nai, e da súa man (é un dicir) fun ao instituto coa emoción académica e a timidez campesiña propias do caso. Examineime, aprobei, collín o libro de cualificación e volví, sempre á beira da miña nai, á pousada.

Era a hora de xantar (as doce, pola vella). Preto da nosa mesa estaban tres rapazas, tres mozotas, que me parecían (e séguenmo parecendo) moi xeitosas, sobre todo unha. Das tres, a «miña» era a que falaba máis: máis e mellor.

Eu, mentres xantaba, escoitábaa e, engaiolado, ollábaa sen que ela se decatase. Quen tampouco se decataba era miña nai, enfurruñada comigo por se perdiamos o coche de liña. Teño o vago recordo de que me dicía unha e outra vez «come máis de présa!», pero eu debíame a outros manxares. De súpeto, a miña nai preguntoume: «Queres máis caldo, Suso?». Para min foi aquel un momento terrible. Incapaz eu de comer unha cullerada máis, non me atrevía a pronunciar a palabra que me producía vergoña, que me acomlexaba, que me diminuía ante aquelas rapazas tan fermosas, tan atractivas, unha das cales, a «miña», falaba castelán cun xeito e cun celme que me parecía supremo. O caso é que eu non me atrevía a contestar «non», monosílabo de fasquía tan galega que me delataba como galegofalante, ante aquela voz fermosa e cantareira que falaba o castelán coma un xílgaro.

Eu, co meu silencio, ocultaba a miña condición de labrego, de estudante de segunda, silencio que a miña nai entendía mal. «Pareces parvo», rosmou nun momento, pero eu prefería pasar por parvo a descubrir, diante daquel xílgaro que enfiaba tan ben o castelán, os meus farrapos lingüísticos.

XESÚS ALONSO MONTERO, *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)* (adaptación)

7. **Le o texto e explica por que non lle respondía Suso a súa nai e como interpretaba ela a súa falta de resposta.**
8. **Explica, a partir da información proporcionada no texto, cal era a situación social da lingua galega naquel momento. Que percepción tiñan do idioma os seus propios falantes?**
9. **Responde a partir do texto.**
 - Que tipo de convivencia ou relación se establece entre o galego e o castelán?
 - Que nome recibe esa situación lingüística?
10. **Explica cal é o significado denotativo do substantivo «castelán». Despois indica, a partir do texto, o significado connotativo que terá ese termo para a voz narradora.**